



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

## Expediente núm. 2021/X999/002200

### DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

#### ANTECEDENTES DE FEITO

1º) Este concello solicitou no seu día unha achega ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 15, do 25/01/2021), obtendo un total de **240.799,51 € de subvención con cargo á liña de concorrencia non competitiva (117.628,42 € para gastos de funcionamento e 123.171,09 € para investimentos).**

Os gastos de funcionamento, consonte o que consta na memoria e na proposta de programa, van ser destinados a contratar ou nomear persoal que se dedicará as actuacións recollidas no dito documento.

2º) En data 24/06/2021 a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, ditou a providencia de inicio do procedemento, na que dispuxo:

**“Que se tramite o expediente encamiñado ao nomeamento ou contratación do persoal necesario para levar a cabo as actuacións recollidas na memoria que obra no expediente aprobando, para tal efecto, o programa de carácter temporal que corresponda.”**

3º) Pola súa vez, o técnico municipal de Obras e Servizos, nun documento que leva data do 25/06/2021, subscribiu a seguinte proposta de Programa de carácter temporal:

**“MEMORIA :PROPOSTA DE PROGRAMA DE CARACTER TEMPORAL PARA A CONSERVACIÓN, REPOSICIÓN E RESTAURACIÓN PARA A PROTECCIÓN DO AMBIENTE E ESPAZO NATURAL DO ENTORNO DO LAGO DE AS PONTES PARA O SEU USO RECREATIVO, DIDÁCTICO E DIVULGATIVO**

Jose Alvarino López, Técnico Municipal de Servizos do Concello de As Pontes de G<sup>a</sup> Rodríguez, en relación coa orde do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR482A, PR483B, PR483C e PR483D), efectúa a presente MEMORIA:.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

Esta entidade, co fin de mellorar a contorna do lago para o desfrute de toda a veciñanza e a poboación en xeral, ten previsto a execución de traballos de limpeza e desbroce manual. O entorno do lago comprende:

- O propio perímetro do lago que son sobre 5 Km de longo.
- A praia artificial con forma de media luna, cunha extensión de 430 metros de lonxitude e 40 m. de ancho.
- A Zona que ocupaba a antiga escombrera, que despois da restauración ambiental quedou como unha pequena montaña de 12 km cadrados onde se atopan humedais, pastizais, arboledas e matorrais.

O conxunto formado por estas tres zonas é moi utilizado, tanto para a práctica de deportes nauticos (vela, windsurf, kaiak,...) como para a práctica de senderismo, ademais de ser unha referencia a nivel nacional e internacional no referente a restauracións ambientais de zonas mineiras.

Na zona do lago, efectúase periódicamente desbroces mecánicos, aínda que a zona de actuación obxecto da presente orde de axudas circunscríbese á **zona de policía de augas**. A proposta de actuación que se plantea na presente memoria, correspóndese coas zonas que non poden ser obxecto de desbroce mecánico e esixen de labores de roza manual, pois ao tratarse de zonas de difícil acceso, tanto pola propia ubicación - próxima á zona de auga - como pola orografía do terreo, con pronunciadas pendentes que en caso de utilización de maquinaria pesada provocarían unha erosión no propio terreo, deixando desprovisto da capa superior vexetal e expoñendo a capa inferior, composta na maior parte da superficie, por áridos de recheo que en moitos casos tratense de sulfuros, que en contacto coas augas da choiva poden producir contaminación por augas ácidas no propio terreo e por ende no propio lago provocando unha contaminación indirecta.

Os obxectivos que se pretenden acadar con esta actuación son os seguintes:

**1. Mellora na biodiversidade dos ecosistemas coa eliminación de especies invasoras.** Nesta zona de actuación obsérvanse as seguintes especies invasoras (fonte:inaturalist.org):.

- Pasto Pampa (Cortaderia Selloana)
- Acacia Negra de Tasmania (Acacia melanoxylon)
- Acacia dealbata.

As especies exóticas invasoras son unha das cinco causas principais da perda de biodiversidade, xunto coa destrución do hábitat, a sobreexplotación, a contaminación e o cambio climático. O ritmo no número de introducción foi medrando ao longo da historia. Pero, e a partir das últimas décadas do século XX cando alcanza ritmos sen precedentes. Moitas das especies, trasladadas de maneira accidental ou voluntaria, poden chegar a naturalizarse nun novo



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

territorio, establecer poboacións e converterse en especies exóticas invasoras. Entón compiten, desplazan, depredan e incluso híbranse coas especies autóctonas, alteran a estrutura e composición das comunidades bióticas e en ocasións poden chegar a alterar os ecosistemas. Os seus impactos, que varían segundo a especie e as súas interaccións co ecosistema invadido, resultan nunha perda de biodiversidade.

2. **Mellora do sistema de drenaxes**, derivado da limpeza de cunetas, gabias... que impiden a obstrución destes canais que ocasionarían o arrastre de materiais e provocando impactos tanto na flora como na fauna .
3. **Evitar incendios forestais.**
4. **Mellorar a empregabilidade das persoas demandantes de emprego;** O Concello das pontes de García Rodríguez acometerá as tarefas de limpeza e desbroce coa contratación directa dun mínimo de 18 persoas cualificadas para o desenvolvemento da actuación, para o que se destinará a cantidade de **117.628,42 €** do financiamento correspondente ao FCA 2021. Tanto o persoal contratado como as actuacións, serán supervisadas polos capataces do plantel fixo do Concello das Pontes en Coordinación co Técnico de Servizos e Medio Ambiente.

Esta actuación encádrase no artigo 4. Gastos subvencionables dentro dos seguintes subgrupos:

**4.1.c) Custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente e do espazo natural.**

**4.3.a) Gastos subvencionables. Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ao coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis á recuperación do medio natural degradado ou contaminado.**

**4.f.2) Gastos subvencionables. Edificios e infraestruturas destinados á utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais. Paseos, áreas recreativas e rutas de senderismo que se localicen ou transcorran por zonas con valores ambientais,** da orde que desenrola esta convocatoria.

CADRO RESUMEN :

PERSONAL ESTIMADO PARA EFECTUAR AS TAREFAS DESCRITAS: 16 OPERARIOS

DURACIÓN APROXIMADA : 3 MESES

COSTE TOTAL APROXIMADO: 117.033,12 €

Achéganse como anexos planos das zonas de actuación.”

4º) O técnico de administración xeral (TAX) encargado da tramitación do



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

procedemento emitiu un informe xurídico favorable que leva data do 28/06/2021

5º) Pola súa vez a Intervención Municipal, emitiu o informe núm. 276/2021, do 30 de xuño,

**Para proceder ao nomeamento das dezasesis persoas (operarios/as), acudiuse á lista de espera de persoal desa categoría profesional, aprobada a través do Decreto núm. 1208/2021, do 28 de xuño, resultante do proceso selectivo tramitado no expediente núm. 2021/E001/000007. Efectuados os chamamentos pola orde correspondente, rexeitaron a oferta David Tojeiro Pita, Carlos Bellas Picos, Artemio S. Formoso Barro, Manuel Bouza Arias, Plácido Cal Chao, Jorge Antón Rego, Juan Manuel Rivera Piñón, Ana María López Pena e Carmen Tojeiro Fresco, polo que foi preciso incorporar ás persoas que lles seguían na relación.**

### FUNDAMENTOS LEGAIS

O referido informe do funcionario TAX, nos seus apartados II, III e IV, sinala:

#### “II. LEXISLACIÓN APLICABLE

As principais normas de aplicación ao caso son as seguintes:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG)
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL).
- Texto refundido do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TR-LEBEP).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG)
- Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2021 (LOXE 2021)

#### III. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Esta entidade local obtivo a subvención identificada e cuantificada nos antecedentes e destinada a realizar as actividades incluídas na memoria do expediente de subvención e reproducidas na proposta de Programa

Segunda. O artigo 19.Catro da LOXE 2021, prescribe que durante o ano 2021 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

O citado precepto ten o seu antecedente máis remoto no artigo 3.Dous, do Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, e que foi reproducido nas sucesivas leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Sánchez Morón nos seus comentarios ao Real decreto-lei 20/2011, sinala: “ *...el concepto de necesidades urgentes e inaplazables debe entenderse, en el contexto que aquí tratamos, como equivalente a las necesidades mínimas de persoal que cada Administración tiene para el ejercicio de sus funciones o el desempeño de sus competencias en términos razonables de eficacia y en los momentos de crisis económica que atravesamos. La interpretación correcta del artículo 3, apartado Dos del Real Decreto-ley no faculta a las Administraciones Públicas para nombrar personal interino o temporal hasta cubrir necesariamente todas las vacantes de la plantilla que existan (...). Tampoco para mantener el funcionamiento de los servicios públicos en términos óptimos de prestaciones o de calidad y ni siquiera en los mismos términos que se han venido prestando en el pasado, en momentos de financiación pública diferentes. Sí les habilita, por el contrario, para contratar personal que precisen con el fin de ejercer sus funciones y competencias en términos o con estándares razonables y aceptables en atención a los recursos disponibles, de manera que puedan satisfacerse básicamente las demandas de los ciudadanos y de los usuarios de los servicios públicos.*

*Ahora bien, dicho esto, hay que reconocer a cada Administración ese margen de apreciación que implica la determinación concreta de lo que son “necesidades urgentes e inaplazables” y el número y características del personal indispensable para atenderlas. Esa concreción debe realizarse por las autoridades y órganos competentes de cada Administración en función de las circunstancias concurrentes en cada caso, ya sea en razón a los efectos que podría tener sobre la población de referencia la reducción de ciertas prestaciones o la minoración de los estándares de los servicios, ya sea en función de sus disponibilidades económicas o inclusive de otras variantes objetivas”*

**Polo tanto, un concello poderá contratar personal laboral ou nomear personal interino para cubrir aqueles postos dos que considere urxente e inaprazable a súa cobertura.**

En definitiva, a posibilidade de acudir á contratación temporal de laborais ou ao nomeamento de funcionarios interinos pasa pola xustificación que o órgano competente do concello [o Alcalde, segundo o artigo 21.1 letras g) e h) da LBRL] efectúe ao respecto, sen prexuízo das delegacións que teña outorgadas ou poida conferir.

Por outra parte, convén recordar que tales contratacións están sometidas a outros límites que non se establecen na LOXE 2021, que con relación aos interinos son os establecidos no EBEP (concorrenza dalgunha das circunstancias que se citan no artigo 10) e a lexislación da función pública en cada caso aplicable.

Terceira. Para levar a cabo o programa de carácter temporal aplicable resulta edecuado nomear persoal funcionario interino procedente da lista de espera elaborada para as categorías de operario/a (cando se trate de persoal funcionario) e peón (no caso do laboral) cuxo procedemento selectivo concluíu o 23/06/2021 (expediente núm. 2021/E001/000007).

Tanto o artigo 10.1 do TR-LEBEP como o 23.1 da LEPG establecen que se pode nomear persoal interino cando concorran razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, e para funcións propias de funcionarios.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

No Concello no existe unha relación de postos de traballo (RPT) aprobada nin documento análogo que reserve ao persoal laboral os cometidos en cuestión, polo que de acordo co sinalado no artigo 22.3 da LEPG estas funcións poden ser atribuídas indistintamente a funcionarios ou a persoal laboral.

A contratación laboral por obra ou servizo a que se refire o artigo 15.1.a) do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro (TRLET), non resulta recomendable.

En xeral, non existe un tipo de contrato laboral temporal idóneo no caso examinado que responda ao principio de causalidade, polo que cómpre desbotar esa posibilidade, para evitar que no futuro o persoal concernido acceda á condición de persoal indefinido a través da oportuna resolución xudicial por contratacións celebradas en fraude de lei.

A este respecto o artigo 28.4 da LEPG -como o fai a disposición adicional cadrazésima terceira da LOXE 2018- establece a responsabilidade das persoas que coa a súa actuación irregular dean lugar á conversión en indefinida dunha relación laboral de carácter temporal.

Cuarta. Parte da doutrina (por todos, Albert Calderó) recomenda que se use con carácter único e xeral, sempre que se cumpran os demais requisitos esixidos pola lei, a figura do funcionario interino para todas as funcións de temporalidade das administracións públicas, e se deixen de utilizar as figuras da contratación laboral temporal.

No ámbito da Administración Xeral do Estado, en data 15/11/2007 foi ditada a Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre o procedemento de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, na que se establece como preferente o nomeamento de funcionarios interinos para executar programas de carácter temporal e atender o exceso ou acumulación de tarefas, en lugar da contratación laboral.

Quinta. As tarefas que sexan de carácter permanente deberán ser desempeñadas por funcionarios de carreira, pero hai outras tarefas, que a lei denomina programas de carácter temporal, que deberán ser desempeñadas por funcionarios interinos.

A prestación de servizos obrigatorios e incuestionados no **nivel mínimo** de carga de traballo deben de ser desempeñados por funcionarios de carreira (ou funcionarios interinos por vacante, de ser o caso).

En todos os demais casos “... lo legal, lo económicamente razonable, lo organizativamente excelente y lo éticamente exigible será el funcionario interino por programa” (Albert Calderó en “Cuadernos de Derecho Local”, nº 163, xullo de 2011), xa que, continúa o citado autor, “...**solo está legalmente justificada la dotación de plazas de plantilla de funcionarios de carrera para el nivel mínimo permanente de carga de trabajo de cualquier función pública;** dado que la ley prevé cómo gestionar con funcionarios coyunturales las puntas de trabajo coyunturales, con buen criterio de economía de recursos públicos. Justo lo contrario de lo que ha sido norma en muchas instituciones los últimos decenios, que han dimensionado sus plantillas para los momentos de máxima carga de trabajo, generando un desaprovechamiento y despilfarro crónicos de recursos, por sobredimensionamiento, en las situaciones más frecuentes de carga de trabajo intermedia o baja.”



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

Sexta. O programa de carácter temporal ten substantividade e autonomía propia, xa quíue recolle actuacións que, cos medios ordinarios de que dispón o concello non poderían ser efectuadas.

O informe do técnico municipal de servizos deixa patente que o persoal cuxa incorporación se pretende será asignado exclusivamente ás funcións incluídas neste programa temporal, sen que se dedique a desempeñar as tarefas ordinarias, que se encomendarán, en exclusiva, ao persoal actualmente existente.

Sétima. Polo tanto, propónse a aprobación, na mesma resolución, do programa de carácter temporal proposto e o nomeamento como persoal funcionario interino das seguintes persoas integrantes da lista de espera, pola orde de prelación establecida nela -agás que renunciem ao chamamento, en cuxo caso serían substituídas polas que as seguen na relación- : **Pedro Grueiro Lamas, Miguel Ángel Rodríguez Freire, Iván López Giz José Villasuso Romero, David Tojeiro Pita, José Manuel Feal Allegue, Carlos Bellas Picos, José Manuel López Galego, Amadeo Álvarez Pardo, José Prieto Ramil, Artemio Segundo Formoso Barro, Manuel Bouza Arias, Plácido Cal Chao, Junior Pardo Rouco, Jorge Antón Rego e Dosinda Blanco Pico.**

Novena. A atribución para aprobar o programa, e nomear o persoal funcionario interino que resulte necesario orixinariamente atribuída á Alcaldía polo artigo 21.1, letras a) e s) da LRBRL, debe entenderse delegada no concelleira-delegada Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, en virtude da delegación conferida polo Decreto núm. 993/2019, 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

#### IV. CONCLUSIÓNS

**a) Infórmase favorablemente un programa de carácter temporal como o que se pretende.**

**b) Infórmase favorablemente o nomeamento de dezaseis (16) persoas coa condición de persoal funcionario interino e a categoría de operario/a**

c) Correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditar a oportuna resolución de aprobación.”

O informe da Intervención núm. 221/2021, citado nos antecedentes, establece a seguinte conclusión:

**“Fiscalizado favorable condicionado á creación do programa de carácter temporal”.**

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

**1. Aprobar o PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL PARA A CONSERVACIÓN, REPOSICIÓN E RESTAURACIÓN PARA A PROTECCIÓN DO AMBIENTE E ESPAZO NATURAL DO ENTORNO DO LAGO DE AS PONTES PARA O SEU USO RECREATIVO, DIDÁCTICO E DIVULGATIVO,** cuxo contido aparece recollido na proposta que obra no procedemento.

**2. Nomear** seguinte persoal funcionario interino, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP), coa categoría de **operario/a** (grupo de agrupacións profesionais, extinto grupo E):



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

APELIDOS E NOME	DNI
Grueiro Lamas, Pedro	***3998**
Rodríguez Freire, Miguel Ángel	***1116**
López Giz, Iván	***3104**
Villasuso Romero, José	***0852**
Feal Allegue, José Manuel	***0759**
López Galego, José Manuel	***6506**
Álvarez Pardo, Amadeo	***2096**
Prieto Ramil, José	***0846**
Pardo Rouco, Junior	***4379**
Blanco Dopico, Dosinda	***1640**
Fernández Franco, Ubaldo	***3696**
Baonza Suárez, Juan Carlos	***5259**
Blanco Cupeiro, Verónica	***0730**
Prieto Franco, M. Carmen	***0995**
Valcárcel Vilaboy, Fernando	***1481**
Pérez Cal, Jesús	***9359**

2. O **nomemento** -cuxo **inicio** está previsto para o **16/07/201**- ten unha duración de tres meses desde a data de toma de posesión.

3. **A xornada é completa** e a retribución constará dos conceptos de soldo, complemento de destino e específico (tanto nas retribucións mensuais como nas pagas extraordinarias) que corresponda ao persoal funcionario de carreira de igual grupo. Non percibirán o denominado complemento de produtividade.

4 Que se proceda a expedir as preceptivas actas de toma de posesión como funcionariado interino, e á correspondente alta na nómina e na Seguridade Social do persoal concernido.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña





## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

notificado a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedaría expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14,1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia a anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o xulgado do Contencioso-administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data á marxe indicada

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños